



...porque lle quería ben  
o barco taba parado

- ... e varado no cruce de San Adrián, e elas sábeno donde estaba e sabe tal e que sei eu, non sabes? sabe así unha chea de cousas. E máis chorabao por morto porque lle quería ben. E o home pasara a area de Veo, pero desas...

O día tres de xeneiro  
Malpica se alborotaba  
faltaba o fillo de Cholas  
que polas praias andaba.

A nai choraba por morto  
porque lle quería ben  
como era traballador  
era unha lástima del

O que foi aquel mesmo día  
en Fontán pequeno varou  
un barquiño abandonado  
da armada desta nación.

- Eu non sei, chico...

Iban todos a correr  
cada un canto podía  
sea como sea  
andiveron todo o día.

- Pero este é o final... Apurados... Vello, mozos e rapaces... Pero non sei eu....  
Despois di:

Iban todos apurados  
con machados e fouciños  
iban cheos de faroles  
todos por eses camiños.

Artrastraron as cadenas

- Pero no medio desta hai outra tamén



A mailas cousas que había  
eses mulos de Seaia  
anduveron todo o día.

- Pero eu non sei máis desa do Fontán.

En cada esquina da calle  
hai súa zapatería  
que arreghlaban máis zapatos  
que todo o pueblo rompía.

Costureiras aldeanas  
que andades polas aldeas  
tan ghordas como demonios  
do pan das casas alleas.